

# Introducción

Unha wiki é un espazo de edición colaborativo, no que se poden crear páxinas e enlazar unhas páxinas a outras. Estas páxinas organízanse en espazos, creando unha estrutura de navegación a base de subespazos.

## Crear unha nova páxina

Para crear unha nova páxina, tes que navegar cara a un espazo baleiro e premer o botón *Crear*.

Por exemplo, se queres crear unha páxina chamada *Proba* dentro de eira (*playground*), debes navegar cara a [:playground:proba](#). Unha vez alí, preme no botón *Crear* na esquina superior dereita.

Se o botón non aparece, é porque non tes permisos para crear páxinas nese espazo.

## Editar unha páxina

Para editar unha páxina existente, preme no botón *Editar* na esquina superior dereita.

Fai os cambios que precisas, e cando acabes preme no botón *Gardar*. Ten en conta que se garda un historial das edicións, polo que é boa idea engadir un resumo e evitar facer edicións pequenas. As versións vellas dunha páxina sempre están accesibles.

Se o botón non aparece, é porque non tes permisos para editar páxinas nese espazo.

## Borrar unha páxina

Para borrar unha páxina existente, preme bo botón *Editar* na esquina superior dereita.

Borra o contido de toda a páxina, deixando o cadro de texto de edición completamente baleiro, e preme no botón *Gardar*.

Se o botón non aparece, é porque non tes permisos para editar páxinas nese espazo. Se ó gardar recibes un erro, é porque non tes permisos para borrar páxinas nese espazo.

## Crear un novo subespazo

Crear un novo subespazo é moi similar á creación dunha nova páxina. Os espazos (e subespazos) teñen como páxina principal unha páxina chamada *start*, polo que se o que queres é crear un espazo en lugar dunha páxina, debes engadir `:start` ó final. Por exemplo, [:playground:proba:start](#).

Poden existir páxinas e espazos co mesmo nome se primeiro crease a páxina e logo o espazo. Sen embargo, unha vez creado un espazo, xa non se pode crear unha páxina con ese mesmo nome,

porque ó intentar acceder á páxina con ese nome, a wiki redirixe ó espazo.

Para converter unha páxina nun espazo, débese copiar o contido desa páxina, borrar a páxina orixinal e facer o procedemento para crear un espazo.

## Sintaxe

Ademáis de **negritas**, *cursivas* e outros estilos, pódense engadir [ligazóns ó exterior](#), [dentro da propia wiki](#), títulos a distintos niveis, imaxes, vídeos, táboas... visita a [páxina de sintaxe](#) para coñecer os detalles.

From:

<https://wiki.citius.usc.es/> - **Wiki do CiTIUS**

Permanent link:

<https://wiki.citius.usc.es/wiki:introduccion?rev=1362504377>

Last update: **2013/03/05 18:26**

